

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO (IGVS) E O CONCELLO DE MONDOÑEDO (LUGO) PARA O FINANCIAMENTO DO CENTRO DE REXENERACIÓN URBANA DE INTERESE AUTONÓMICO. EXPEDIENTE: CC-IGVS 07-2023

1.- ANTECEDENTES


O Instituto Galego de Vivenda e Solo (en diante, IGVS), órgano da administración galega, entre as súas funcións recollidas na Lei 3/1998, do 27 de abril, de creación do IGVS, lle corresponden as competencias e funcións en materia de política de vivenda, favorecendo o acceso dos cidadáns ao dereito constitucionalmente garantido dunha vivenda digna e adecuada. En particular correspóndenlle ao IGVS as seguintes funcións:

- a) A implantación das medidas para a recuperación e rehabilitación de núcleos e vivendas rurais, co fin de revitalizar os asentamentos de poboación e evitar o despoboamento do medio rural, na procura da posta en valor dun patrimonio arquitectónico da comunidade
- b) A sinatura de convenios coa Administración estatal, autonómica ou local para a execución das anteriores políticas. Así mesmo asinar convenios con entidades sen ánimo de lucro, e persoas naturais e xurídicas, co fin de colaborar no establecemento de medidas relacionadas coas competencias do departamento.

A Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia crea a figura das áreas de rexeneración urbana de interese autonómico (Rexurbe) que son aqueles ámbitos especialmente degradados dos que a súa delimitación coincida, total ou parcialmente, cun conxunto histórico declarado ben de interese cultural (BIC) poderán ser declarados polo Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellaría competente en materia de vivenda, e logo dos informes oportunos, de tal xeito que se poidan realizar actuacións de rehabilitación ao mesmo tempo que se articulan medidas sociais, urbanísticas, ambientais e económicas, enmarcadas nunha estratexia administrativa global e unitaria.

Por Resolución do 17 de febreiro de 2020, da Dirección Xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo, faise público o Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de febreiro de 2020, que acorda «Declarar área de rexeneración urbana de interese autonómico (área Rexurbe) o conxunto histórico de Mondoñedo e unha zona contigua de características similares (rúa Álvaro Cunqueiro e San Roque e parte alta da estrada dos Remedios) conforme a delimitación que se indica no plano anexo».





Así mesmo, a Lei 1/2019, do 22 de abril, establece a necesidade de que as Áreas Rexurbe dispoñan dun plan de dinamización como un instrumento estratéxico, que marcará as actuacións que se deben realizar tanto en materia de rehabilitación das vivendas e de protección do patrimonio cultural coma de todas aquelas medidas que contribúan a unha revitalización integral do ámbito. O plan será aprobado polo Consello da Xunta de Galicia e deberá incluír medidas de impulso das diferentes administracións participantes. O plan de dinamización da Área Rexurbe de Mondoñedo aprobouse polo Consello da Xunta na súa reunión do 25 de febreiro de 2021.

Por outra parte, a Lei 1/2019, do 22 de abril, crea os Centros de Rexeneración Urbana de interese autonómico (en diante centro Rexurbe), vinculados ás áreas de rexeneración urbana de interese autonómico. Estes centros requirirán uns medios materiais e persoais e mais unha solvencia técnica que lles permita asumir competencias da Administración local e autonómica na planificación e na execución das actuacións de rexeneración, tanto desde o punto de vista de vivenda e patrimonio cultural coma social e económico.

O artigo 70.2 do citado texto legal, establece que mediante un acordo do Consello da Xunta, por proposta da consellaría competente en materia de vivenda, determinaranse os estándares mínimos dos medios materiais e humanos, así como os criterios, os requisitos e a solvencia técnica que deban cumprir os centros Rexurbe.

En data 30 de xuño de 2021, e co gallo de dar cumprimento ao respecto no postulado na citada Lei 1/2019, o IGVS e o Concello de Mondoñedo asinaron un Convenio de colaboración para a creación dun centro de rexeneración urbana de interese autonómico. A duración do devandito convenio é de dous anos, finalizando o 30 de xuño de 2023.



2. ACORDO DO CONSELLO DA XUNTA

O Consello da Xunta, na súa sesión do 20 de novembro de 2020 acordou a determinación dos estándares mínimos dos medios materiais e humanos, así como os criterios, os requisitos e a solvencia técnica que deben cumprir os centros Rexurbe, conforme á proposta da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

De conformidade co dito acordo os centros Rexurbe axústanse ao seguinte:

2.1. Tipos de centro Rexurbe

Establécense dous tipos de centros Rexurbe, os cales contan, cando menos, cos seguintes medios humanos, entre os que está a persoa responsable prevista no artigo 77. 1b) da Lei 1/2019, do 22 de abril:

Centro Rexurbe tipo 1		
Nº de efectivos	Titulación	Dedicación
1	Grao en Arquitectura	A tempo completo
1	Grao en Arquitectura Técnica	A tempo completo
1	Grao en Dereito	A tempo completo
1	Grao en Traballo Social	A tempo parcial
2	Persoal administrativo	Un deles a tempo parcial e outro a tempo completo.

Centro Rexurbe tipo 2		
Nº de efectivos	Titulación	Dedicación
1	Grao en Arquitectura	A tempo completo
1	Grao en Dereito	A tempo parcial
1	Grao en Traballo Social	A tempo parcial
1	Persoal administrativo	A tempo parcial

*Na esixencia de grao inclúense tamén as titulacións equivalentes de plans anteriores.

O persoal con grao en Arquitectura e Arquitectura Técnica deberá ter coñecementos ou experiencia en materia de protección do patrimonio cultural, así como experiencia acreditada de, polo menos, dous anos en rehabilitación de edificacións tradicionais, xa sexa por ter proxectado ou dirixido obras de rehabilitación edificatoria ou por ter realizado funcións técnicas en materia de rehabilitación en calquera administración.



A persoa con grao en Dereito deberá ter unha experiencia profesional de, polo menos, dous anos nunha administración en materia urbanística ou no exercicio da actividade profesional nas ramas do dereito administrativo e urbanístico.

A persoa con grao de Traballo Social deberá acreditar unha experiencia profesional de, polo menos, dous anos realizando traballos profesionais de atención directa e de mediación con persoas en risco de exclusión social ou prestando servizos nunha administración pública no eido dos servizos sociais.

Non obstante o anterior, cando, conforme ao artigo 74.1, as administracións local ou autonómica atribúan aos centros Rexurbe aquelas funcións que, sendo de competencia das devanditas administracións, se considere conveniente que sexan asumidas por estes centros en prol de simplificar e axilizar a tramitación administrativa e mellorar a atención á cidadanía, os devanditos centros deberán contar, ademais, co persoal que se indique no documento de atribución de funcións.

Así mesmo, no convenio que, en virtude do disposto no artigo 72.1, se asine entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) e o Concello, en función das características propias da área Rexurbe, poderá modificarse a titulación solicitada para algún dos efectivos ou o seu grao de dedicación, total ou parcial, sen que se superen, para os efectos do financiamento polo IGVS, o número de efectivos previstos para cada tipo de centro nin as referencias máximas retributivas por subgrupo equivalente, conforme ao que se indica no apartado 4.

No referido convenio, o concello deberá indicar os criterios de selección do persoal, os cales deberán obter a conformidade do IGVS. Así mesmo, de conformidade co previsto no artigo 77 da Lei 1/2019, do 22 de abril, a comisión de seguimento da área Rexurbe propondrá á autoridade competente do concello o nomeamento e o cesamento da persoa responsable do centro Rexurbe e realizará o seguimento e a avaliación da súa actividade.

2.2. Criterios dos centros Rexurbe:

Durante os dous primeiros anos de implantación dos centros Rexurbe, estes deberán ser necesariamente de tipo 2, podendo pasar, transcorrido este período, a centro de tipo 1, de acordo coas condicións que, de ser o caso, se fixen no correspondente convenio, en función dos seguintes parámetros:

- Superficie do ámbito e número de edificacións sobre as que se pretende actuar.
- Funcións da administración autonómica e/o local atribuídas ao centro Rexurbe. De acordo co establecido no artigo 74.
- Grao de cumprimento dos indicadores da auditoría anual da comisión de seguimento prevista no artigo 77.



Conforme ao convenio subscrito e tendo en conta a limitación do tipo de centro Rexurbe durante os dous primeiros anos subscribiuse o centro de tipo 2. Este será o tipo de centro que se seguirá vixente no novo convenio.

2.3. Recursos materiais:

Todos os centros Rexurbe deberán dispoñer dunha oficina accesible ao público con entrada independente, na que deberá constar de forma clara a denominación "centro Rexurbe", xunto coa imaxe corporativa da Xunta de Galicia, no mesmo tamaño que a do concello.

As oficinas deberán contar, polo menos, cun espazo independente no que se garanta a privacidade das persoas usuarias do centro, sobre todo nas cuestións de índole social.

As oficinas, ademais dos recursos materiais ordinarios presentes nunha oficina administrativa, deberán ter acceso a internet, así como programas informáticos cos seguintes requisitos:

- Rexistro interoperable con outros rexistros.
- Perfís de usuario diferentes internos e externos.
- Xestor de expedientes.
- Compatibilidade coa Plataforma Informática de Rehabilitación que lle facilite o IGVS.

A promoción, publicidade e información das actuacións do centro Rexurbe e a documentación facilitada a calquera persoa, deberá incluír en todo caso a imaxe corporativa da Xunta de Galicia.

2.4. Financiamento.

Conforme ao artigo 73, o IGVS financiará os centros Reurbe ata o sesenta por cento dos gastos de persoal dos devanditos centros, segundo as seguintes regras:

Para os efectos do cálculo dos gastos de persoal tomarase como referencia máxima as retribucións do persoal A1 (nivel 22); A2 (nivel 20) e C1 (nivel 16) da Xunta de Galicia segundo as seguintes equivalencias:

Titulación	Subgrupo
Grao en Arquitectura	A1
Grao en Arquitectura Técnica	A2
Grao en Dereito	A1
Grao en Traballo Social	A2
Persoal administrativo	C1

Incluirase, dentro dos gastos de persoal financiados polo IGVS, o correspondente a seguros sociais ou prestacións análogas de acordo coa forma de contratación.



Así mesmo, achegarase unha cantidade igual, como máximo, do dez por cento da cantidade antes indicada, en concepto de financiamento dos gastos correntes.

O pagamento efectivo das axudas farase de acordo co establecido no convenio que se asine entre o concello e o IGVS.

2.5. Acreditación dos obxectivos alcanzados

A acreditación dos obxectivos alcanzados farase mediante a auditoría anual realizada pola comisión de seguimento.

2.6. Relación coa administración autonómica

A relación dos centros Rexurbe coa administración autonómica realizarase a través do IGVS.

3.- OBXECTO DO CONVENIO

O convenio, en cumprimento do establecido no artigo 72 .1 da Lei 1/2019, do 22 de abril, ten por obxecto precisar os obxectivos, o financiamento e o funcionamento do centro Rexurbe de Mondoñedo, así como os mecanismos de actuación conxunta e coordinada para facilitar o cumprimento e a execución das diferentes actuacións, dos plans e dos programas en materia de rehabilitación edificatoria e de rexeneración e renovación urbanas.

4.- OBRIGAS DAS PARTES

Concello de Mondoñedo:

En virtude deste convenio, o Concello de Mondoñedo asume as seguintes obrigas:

1. Para a continuidade do centro Rexurbe seguirá dispoñendo dos efectivos necesarios e suficientes para atender ás súas finalidades, de conformidade co previsto na Lei 1/2019, do 22 de abril, e no Acordo do Consello da Xunta de data 20 de novembro de 2020. Para estes efectos, a dotación dos medios humanos será, en todo caso, a prevista no Acordo co Consello da Xunta do 20 de novembro de 2020 para os denominados "Centro tipo 2".

1.1.- En relación aos medios humanos do centro Rexurbe, o concello asumirá as seguintes obrigas:

1.1.1- Asumir todas as responsabilidades en relación ao persoal adscrito ao centro Rexurbe, de tal modo que non existirá vínculo contractual algún entre o citado persoal e o IGVS, con independencia de que dito organismo lle facilite as directrices oportunas para a realización das funcións previstas no presente convenio.



1.1.2.- Coidar da observancia das esixencias legais no referido ao réxime de incompatibilidades do persoal adscrito a dito centro, así como exercer, en relación con el, o poder disciplinario e de dirección.

1.1.3.- Comunicar ao IGVS, durante a vixencia do convenio, toda variación que se produza respecto a este persoal, así como, no seu caso, os criterios para seleccionar novo persoal, para os efectos de obter a conformidade do citado organismo.

1.1.4.- Achegar ao IGVS, no prazo máximo de dous meses, a contar dende a data de sinatura deste convenio, unha proposta do persoal que, de ser o caso e de conformidade co previsto na disposición transitoria terceira da Lei 1/2019, do 22 de abril, se integre no devandito centro, acompañada da acreditación da súa solvencia; a modificación da titulación solicitada para algún dos efectivos ou o seu grao de dedicación, total ou parcial, sen que se superen, para os efectos do financiamento polo IGVS, o número de efectivos previstos para o centro tipo 2 nin as referencias máximas retributivas por subgrupo equivalente, conforme ao que se indica no devandito acordo do Consello da Xunta, en función das características propias da área Rexurbe de Mondoñedo.

1.2.- En relación aos medios materiais do centro Rexurbe, o concello asume a obriga dispoñer dunha oficina accesible ao público, con entrada independente, na que deberá constar de forma clara a denominación "Centro Rexurbe", xunto coa imaxe corporativa da Xunta de Galicia, no mesmo tamaño que a do concello. O enderezo, superficie e medios materiais da oficina, así coma a xustificación da idoneidade da súa localización en relación co ámbito xeográfico que atenda deberá serlle comunicada ao IGVS polo concello no prazo de 3 meses a contar dende a data de sinatura deste convenio.

A devandita oficina deberá cando, cando menos, dun espazo independente no que se garanta a privacidade das persoas usuarias do centro, sobre todo nas cuestións de índole social. Ademais dos recursos materiais ordinarios presentes nunha oficina administrativa, deberá ter acceso a internet e programas informáticos cos seguintes requisitos:

- Rexistro interoperable con outros rexistros.
- Perfís de usuario diferentes internos e externos.
- Xestor de expedientes.
- Compatibilidade coa Plataforma Informática de Rehabilitación que lle facilite o IGVS.

2.- Indicar en todos os carteis exteriores e interiores do centro Rexurbe, así coma en canta información pública se edite por calquera medio, incluídos os medios electrónicos da área e do centro Rexurbe, a participación de Xunta de Galicia na área Rexurbe.

3.- Incluír a imaxe corporativa da Xunta de Galicia en toda a promoción, publicidade e información das actuacións da área e do centro Rexurbe, así como na documentación facilitada aos cidadáns vinculada a ditas actuacións e nos carteis exteriores descritivos das obras que se xestionen polo devandito centro e contén con financiamento autonómico.



4.- Atribuír ao centro Rexurbe aquelas funcións que, sendo de competencia municipal, se considere necesario que sexan asumidas polo centro Rexurbe en prol de simplificar e axilizar a tramitación administrativa e mellorar a atención á cidadanía. En todo caso, o centro deberá asumir as funcións previstas no artigo 75 da Lei 1/2019, do 22 de abril.

IGVS:

En virtude deste convenio, o IGVS asume as seguintes obrigas:

1.- Financiar, dentro dos límites previstos na cláusula cuarta, ata o sesenta por cento dos gastos de persoal do centro Rexurbe, segundo as seguintes regras:

Para os efectos do cálculo dos gastos de persoal, tomarase como referencia máxima as retribucións do persoal A1 (nivel 22); A2 (nivel 20) e C1 (nivel 16) da Xunta de Galicia, segundo as seguintes equivalencias:

- Grao en Arquitectura: A1.
- Grao en Dereito: A1.
- Grao en Arquitectura Técnica: A2.
- Grao en Traballo Social: A2.
- Persoal administrativo: C1.

Incluirase, dentro dos gastos de persoal financiados polo IGVS, o correspondente a seguros sociais ou prestacións análogas, de acordo coa forma de contratación.

2.- Custear, dentro dos límites previstos na cláusula cuarta, os gastos correntes ata un máximo do dez por cento da cantidade que financie como gastos de persoal.

5.- FUNCIÓNS DO CENTRO REXURBE.

Ademais das funcións que lle poda atribuír o concello en prol de simplificar e axilizar a tramitación administrativa e mellorar a atención á cidadanía, o centro Rexurbe deberá asumir as seguintes funcións:

1. A elaboración ou a dirección dos estudos que se pretenden realizar para o coñecemento da situación real do parque edificado no seu ámbito de actuación e nas distintas áreas de rexeneración urbana do concello, así como a actualización destes datos.
2. A análise dos problemas e das vulnerabilidades da área ou das áreas urbanas que constitúen o seu ámbito de actuación e a proposta das medidas que se deberán adoptar.
3. A prestación dunha atención directa, persoal e especializada á cidadanía, facilitando a información e o apoio técnico-xurídico necesario para poder levar a cabo as actuacións de rexeneración e de renovación urbanas.



4. A asistencia técnica, xurídica e administrativa para a correcta orientación dos expedientes de rehabilitación de edificios, en prol de lograr a maior adecuación posible dos edificios á normativa de accesibilidade, a eficiencia enerxética e a habitabilidade e mais de preservar os elementos construtivos con protección patrimonial.
5. A tramitación e a xestión dos distintos programas e expedientes de axudas á rehabilitación de acordo cos plans de impulso á rehabilitación da Administración municipal, autonómica e estatal.
6. O impulso e a xestión de medidas e actuacións que atraian o investimento privado para facilitar a rehabilitación, a rexeneración e a renovación urbanas con criterios de eficiencia enerxética, accesibilidade e mellora da imaxe urbana, incluso a través da tramitación de convenios con persoas particulares afectadas, co fomento da dinamización do ámbito e da diversidade de usos e actividades.
7. A elaboración das propostas ou dos informes técnicos relativos á protección do patrimonio cultural en asunción das funcións que poida encomendar a consellaría competente en materia de patrimonio cultural.
8. O desenvolvemento do labor de intervención administrativa na edificación e nos usos do solo no seu ámbito de actuación mediante:
 - a) A tramitación e o informe sobre as licenzas de obra, as autorizacións administrativas que procedan e, de ser o caso, a realización das actuacións e dos trámites oportunos no suposto de obras sometidas ao réxime de intervención municipal de comunicación previa.
 - b) O asesoramento, a resolución de consultas e a proposta de modificacións sobre o plan de desenvolvemento vixente nas áreas.
 - c) A tramitación das declaracións de incumprimento e as ordes de execución, que incluírán a supervisión do estado dos inmobles e, se é o caso, a tramitación dos requirimentos ás persoas propietarias de inmobles co obxecto de que realicen as obras necesarias para o cumprimento dos deberes de edificación, conservación e rehabilitación.
 - d) A tramitación das declaracións de ruínas, a análise do estado das edificacións e a proposta, de ser o caso, da ruína estrutural, funcional ou económica dos inmobles para a súa substitución ou rehabilitación conforme as previsións urbanísticas.
 - e) O impulso e a tramitación dos expedientes de venda forzosa, substitución forzosa ou expropiación forzosa necesarios para levar a cabo as actuacións de rehabilitación edificatoria e de rexeneración e renovación urbanas.
 - f) A elaboración e a tramitación de plans especiais que teñan por obxecto a mellora da accesibilidade, para facilitar a instalación de ascensores en edificios de vivendas e a accesibilidade dos espazos urbanos.



9. A proposta das medidas necesarias para a protección do patrimonio cultural.
10. A elaboración das propostas e dos informes que se someten á Comisión de Seguimento da Área Rexurbe.
11. A elaboración das propostas ou dos informes relativos á mellora da accesibilidade.
12. A elaboración das propostas ou dos informes relativos á mellora da sustentabilidade e da eficiencia enerxética.
13. A elaboración das propostas ou dos informes relativos á aplicación da perspectiva de xénero.
14. A elaboración das propostas ou dos informes relativos á aplicación de criterios sociais e ambientais.
15. Calquera outra función que as administracións local ou autonómica poidan encomendar ao centro de rexeneración urbana de interese autonómico para a mellor consecución dos obxectivos fixados.

Se a oficina de rehabilitación municipal estivera integrada no centro Rexurbe, este deberá seguir desempeñando as funcións que lle corresponden á dita oficina en función do previsto no artigo 68 da Lei 1/2019, do 22 de abril e dos acordos asinados.

6.- CONTIDO ECONÓMICO DO CONVENIO.

De conformidade co establecido no acordo do Consello da Xunta de 20 de novembro de 2020, durante os dous primeiros anos de implantación dos centros Rexurbe, estes deberán ser necesariamente de tipo 2, podendo pasar, transcorrido este período, a centro de tipo 1, de acordo coas condicións que, de ser o caso, se fixen no correspondente convenio, en función dos seguintes parámetros:

- Superficie do ámbito e número de edificacións sobre as que se pretende actuar.
- Funcións da administración autonómica e/o local atribuídas ao centro Rexurbe. De acordo co establecido no artigo 74.
- Grao de cumprimento dos indicadores da auditoría anual da comisión de seguimento prevista no artigo 77.

Tendo en conta que a vixencia do convenio é de dous anos dende a súa sinatura, avalíase o custe do centro Rexurbe tipo 2.

Conforme ao artigo 73 Lei 1/2019 e o acordo do Consello da Xunta polo que se determinan os estándares mínimos dos medios materiais e humanos, así como os criterios, os requisitos e a solvencia técnica que deben cumprir os centros Rexurbe, o IGVS financiará ata o sesenta por cento dos gastos de persoal do devandito centro, segundo as seguintes regras:





- Para os efectos do cálculo dos gastos de persoal tomarase como referencia máxima as retribucións do persoal A1 (nivel 22); A2 (nivel 20) e C1 (nivel 16) da Xunta de Galicia segundo as equivalencias que figuran no cadro de valoración do centro.
- Incluirase, dentro dos gastos de persoal financiados polo IGVS, o correspondente a seguros sociais ou prestacións análogas de acordo coa forma de contratación.
- Así mesmo, achegarase unha cantidade igual, como máximo, do dez por cento da cantidade antes indicada, en concepto de financiamento dos gastos correntes.

CENTRO REXURBE TIPO 2

N.º efectivos	Titulación	Dedicación	Subgrupo	Retribucións anuais	Seguridade Social	Totais
1	Grao de Arquitectura	A tempo completo (100%)	A1 22	37.745,01€	13.210,775€	50.955,76€
1	Grao de dereito	A tempo parcial (75%)	A1 22	28.308,76€	9.908,06€	38.216,82€
1	Grao en traballo social	A tempo parcial (50%)	A2 20	16.152,96€	5.653,54€	21.806,50€
1	Persoal administrativo	A tempo parcial (50%)	C1 16	12.962,76€	4.536,96€	17.499,72€
Total (4 efectivos)				128.478,80€		

O IGVS financiará un importe anual máximo do 60% dos gastos certificados de mantemento do centro co límite máximo de 77.087,28 €, por costes de persoal e 7.708,73 por costes de gastos correntes (impostos incluídos). De acordo con esta distribución, o importe máximo que se financiará durante a vixencia deste convenio, con cargo á aplicación 08.81.451A.640.0 prevista nos seus orzamentos para o ano 2023, é de 169.592,02 distribuídos nas seguintes anualidades:

2023: 42.398,01 €

2024: 84.796,00 €

2025: 42.398,01 €



O pagamento efectivo dos gastos realizarase contra presentación da xustificación dos gastos efectivamente realizados a través da seguinte documentación:

- Unha Memoria explicativa das actuacións realizadas
- Unha certificación expedida polo concello na que se acredite a realización das actuacións obxecto do presente convenio, o cumprimento da súa finalidade e que os fondos foron destinados a este fin, así como o detalle da realización dos gastos e dos pagamentos.

A xustificación de cada anualidade deberá presentarse antes do 20 de decembro e realizarase preferiblemente por trimestres, se ben nos períodos que comprenden o último trimestre da anualidade poderán xustificarse por mensualidades separadas.

O importe da achega en ningún caso poderá ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras, supere o custo do centro Rexurbe.

7.- COMISIÓN TÉCNICA DE SEGUIMIENTO.

As partes obríganse a crear unha comisión paritaria de seguimento, de conformidade co disposto no artigo 76 da Lei 1/2019, do 22 de abril, co obxectivo de elaborar os plans e os programas de actuación da área Rexurbe, coordinar os criterios das funcións doutras administracións atribuídas ao centro Rexurbe e realizar o seguimento e a coordinación dos plans de financiamento para o impulso da rehabilitación, a rexeneración e a renovación das áreas afectadas.

As xuntanzas da comisións poderán asistir as persoas que, sen prestaren servizos en ningunha das administracións asinantes, poidan ser propostas por estas en virtude dos seus coñecementos técnicos ou da súa experiencia profesional. Así mesmo, poderán asistir persoas representantes dos colexios profesionais, das asociacións ou das institucións cuxa participación se considere oportuna.

Funcións da comisión técnica de seguimento.

- a) Velar polo funcionamento do centro Rexurbe de acordo con criterios de eficacia e eficiencia que impulsen a consecución dos fins da área Rexurbe do concello.
- b) Propoñer á autoridade competente do concello o nomeamento e a solicitude de cesamento da persoa responsable do centro Rexurbe, así como realizar o seguimento e a avaliación da súa actividade.
- c) Propoñer a aceptación das funcións encomendadas ao centro Rexurbe por parte das diferentes administracións públicas.
- d) Aprobar os plans e os programas de actuación e mais o investimento previsto anualmente en aplicación do plan de dinamización.





e) Propoñer ás administracións implicadas as modificacións no plan de dinamización que se considere oportuno realizar para a mellor obtención da finalidade perseguida, coa aprobación, de ser o caso, das modificacións non substanciais na forma e cos límites que se prevexan no indicado plan.

f) O seguimento, a valoración e o control da actividade do centro Rexurbe e do cumprimento dos compromisos adoptados, realizando, cando menos, as seguintes actuacións:

1ª. O seguimento da evolución dos indicadores fixados no plan de dinamización.

2ª. A memoria e auditoría anual para comprobar total ou parcialmente o grao de cumprimento dos compromisos, o seguimento dos indicadores e a xestión das accións definidas ao longo do ano polas persoas responsables.

8.- VIXENCIA DO CONVENIO.

De conformidade co establecido no acordo do Consello da Xunta de 20 de novembro de 2020, durante os dous primeiros anos de implantación dos centros Rexurbe, estes deberán ser necesariamente de tipo 2, podendo pasar, transcorrido este período, a centro de tipo 1, de acordo coas condicións que, de ser o caso, se fixen no correspondente convenio, en función dos parámetros indicados na cláusula 6ª.

Tendo en conta esta necesidade, considérase oportuno asinar o convenio cunha vixencia de dous anos contados dende a data da súa sinatura.

9.- AUTORIZACIÓN DO CONSELLO DA XUNTA

De conformidade á disposición adicional 2ª da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, o convenio requirirá a autorización previa do Consello da Xunta.

Documento asinado electronicamente.

A Secretaria Xeral do IGVS

Mª Ángeles Domínguez Franjo

